


XIII CONCURSO DE POESÍA CONCELLO DE CARRAL



BASES

1.- Poderán optar ao premio todos os autores/as maiores de idade e de calquera nacionalidade, sempre que o seu traballo se presente escrito en lingua galega. Non poden participar anteriores gañadores/as deste concurso.

2.- Fíxase un premio único de 2.000 euros. O xurado pode declarar deserto o premio. Sobre a contía do premio aplicaranse as retencións fiscais oportunas.

3.- Os traballos serán orixinais, inéditos e non premiados noutros concursos no momento das deliberacións do xurado (os autores dos traballos premiados deberán comunicarllo de xeito inmediato á organización), e cunha extensión non inferior aos 400 versos. Os traballos presentaranse por triplicado, mecanografados a dobre espazo por unha soa cara, e debidamente grampados ou encadernados; achegados de sobre pechado no que conste no seu exterior o título da obra e o lema ou alcume do autor, contendo no interior o seu nome e apelidos, NIF, enderezo, número de teléfono e correo electrónico.

4.- As obras presentaranse na Biblioteca Pública Municipal de Carral (Casa da Cultura, Rúa de Paleo, 17, 15175, Carral, A Coruña).

5.- O prazo de admisión de orixinais rematará o 31 de marzo de 2010.

6.- As deliberacións do xurado son secretas, e delas estenderase a acta correspondente. A decisión do xurado farase pública na segunda quincena do mes de abril.

7.- O xurado estará presidido polo Alcalde do Concello de Carral ou concelleiro ou concelleira no que delegue, e formarán parte do mesmo persoas de recoñecido prestixio no eido da poesía galega e o autor gañador da edición anterior deste concurso; e actuará como secretario o técnico municipal de Cultura do Concello de Carral

8.- O título do traballo gañador e o nome e apelidos do seu autor/a daranse a coñecer mediante comunicación persoal (chamada telefónica), na web municipal www.concellocarral.com, nos principais medios de comunicación de Galicia, así como no taboleiro de anuncios da Casa da Cultura do Concello de Carral (Rúa de Paleo 17, Carral).

9.- Establécese un período de dez (10) días desde a decisión do xurado para presentar alegacións á citada decisión. As reclamacións, que se tramitarán ante o Rexistro municipal de Carral, serán valoradas polo xurado.

10.- O Concello de Carral reservarase o dereito de publicar a obra gañadora.

11.- As obras non premiadas poderán ser retiradas polos seus autores ou polas persoas nas que deleguen, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao fallo do xurado. Non se devolverán traballos por correo nin por empresas de mensaxes. As obras que non sexan retiradas no prazo indicado, destruíranse.

12.- Corresponde ao xurado a interpretación das presentes bases.

13.- A participación nesta convocatoria supón a total aceptación das presentes bases.

